

EPAPU "Eduardo Pondal". Curso 2018-19

Dpto. de Latín. Profesor Martín Bouza Álvarez

Guía breve da materia de Latín de 1º curso de Bacharelato Semipresencial

(Esta guía é orientativa. Aconséllase falar co profesor polos posibles cambios que poda ter na dinámica do curso)

1. METODOLOXÍA

A materia de Latín I forma parte das materias propias da modalidade do bacharelato de humanidades. O estudo da lingua latina constitúe a base fundamental para a comprensión das nosas linguas románicas (galego e castelán), así como das outras linguas de orixe romance. O coñecemento do latín como lingua raíz do galego axúdanos a coñecer mellor o seu léxico, a súa sintaxe, a súa ortografía.

A materia de Latín I, como calquera outra do currículo do bacharelato semipresencial, conta cunha sesión semanal de asistencia obrigatoria, que recibe o nome de **titoría lectiva**, xa que é aquela na que se abordan as explicacións teóricas da unidade que corresponda en cada momento do curso.

Estas sesións semanais complementáanse cunhas **titorías de orientación (2)** de asistencia non obrigatoria, de periodicidade semanal, para que nela o alumnado poida resolver as dúbidas que lle puidesen xurdir no seu labor individual de estudo e preparación da materia e realización das actividades.

2. MATERIAIS E RECURSOS

Apuntes proporcionados polo profesor.

Materiais de apoio que se entreguen ou aconsellen o profesor nas titorías lectivas.

Recursos bibliográficos. O centro dispón de biblioteca na que ademais da consulta e préstamos de libros, revistas, etc., a biblioteca dispón de conexión a internet que o alumnado pode utilizar como apoio didáctico.

3. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS

A distribución de contidos por avaliacións será a seguinte:

- 1ª avaliación: da Lección I á XXVI e o Apéndice I (evolución fonética)
2ª avaliación: da Lección I á XLVII e o Apéndice II (Cultismos e palabras patrimoniales)
3ª avaliación: da Lección I á LXIV e os Apéndices I e II estudados nas avaliacións precedentes.

Concretamente:

1ª avaliación:

- Alfabeto latino: pronunciación e acentuación. Diptongos.
- Casos e declinaciones. Funcións. Observacións sobre as cinco declinaciones.
- Enunciado dos sustantivos e dos verbos.
- Os xéneros e os números en latín.
- A orde de palabras.
- A concordancia. A oración transitiva, intransitiva e copulativa.
- 1ª , 2ª declinación e 3ª declinación, coas súas particularidades
- Adjetivos de tema en ou/a. Sustantivación de adjetivos. Adverbios derivados destes adjetivos.
- Presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto, pret. perfecto, pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo das cinco conjugaciones e do verbo SUM.
- As preposiciones.
- A oración composta por coordinación.
- Os persoais e os posesivos.
- Historia de Roma.
- Organización social e política de Roma.
- Frases e expresións latinas (I)
- Evolución fonética.

EXAME: Análise sintáctico e tradución de frases sinxelas, con preguntas dos puntos gramaticales estudados nesta avaliación; tamén poder haber algunhas preguntas do tema de historia de Roma, organización social e política, e de frases e expresións latinas e de evolución fonética.

2ª avaliación: todo o visto na 1ª avaliación máis:

- Adjetivos da 2ª clase. Adverbios derivados destes adjetivos.
- 4ª e 5ª declinación coas súas particularidades.
- Os complementos circunstanciales de lugar.
- O predicativo.
- Os tempos do modo subjuntivo, en activa, das cinco conjugaciones e do SUM.

- Adjetivos numerales.
- Pronombres-adjetivos demostrativos, anafórico, de identidade e enfático.
- Grados do adxectivo e do adverbio.
- A formación da pasiva. A oración pasiva
- O imperativo.
- A oración composta por subordinación.
- O relativo. A oración de relativo.
- A romanización.
- A arte romana.
- Frases e expresións latinas (II).
- Cultismos e palabras patrimoniales

EXAME: Análise sintáctico e tradución de frases ou dun texto sinxelo, con preguntas dos puntos gramaticales estudados na 1ª e 2ª avaliación; tamén pode haber algunhas preguntas do tema da romanización e da arte romana, das frases e expresións latinas desta 2ª avaliación e de cultismos e palabras patrimoniales.

3ª avaliación: todo o visto na 1ª e 2ª avaliación máis:

- Construcións especiais do verbo SUM.
- Indefinidos.
- Interrogativos. A oración interrogativa directa.
- Compostos de SUM.
- O participio.
- O infinitivo.
- Verbos deponentes e semideponentes.
- Valores de UT, NE, CUM, UBI, QUOD.
- Oracións completivas introducidas por conxunciones.
- Verbos irregulares (volo e compostos, fero e compostos, eo e compostos, fio e edo).
- Obras públicas e urbanismo.
- A relixión romana.
- Frases e expresións latinas (III).
- Evolución fonética.
- Cultismos e palabras patrimoniales.
- Aprendizaxe das palabras latinas que aparecen marcadas co símbolo ?, nos vocabularios das leccións I a LXIV.

EXAME: Análise sintáctico e tradución dun texto sinxelo, con preguntas dos puntos gramaticales estudados na 1ª, 2ª e 3ª avaliación; tamén pode haber algunhas preguntas do tema da relixión romana e do das obras públicas e urbanismo, das frases e expresións latinas desta 3ª avaliación, e do da evolución fonética e do dos cultismos e palabras patrimoniales das

avaliacións precedentes.

Recuperación: ao ser avaliación continua, unha avaliación non superada recupérase coa seguinte aprobada. Só a 3ª avaliación terá unha recuperación e será o exame final.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Realizarase un exame de avaliación por que incluírá cuestións de tradución e gramaticais.

-A avaliación será **continua**, baseada fundamentalmente na observación das actividades do alumno e nas probas teóricas. Non se prevén segmentacións da materia por períodos de avaliación nin probas específicas de recuperación. O alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas tódalas anteriores.

-Polas condicións propias desta disciplina a cualificación da terceira avaliación constituirá a cualificación global do curso.

-Por outra banda, aqueles alumnos que por algunha razón xustificada non se puideran presentar a algún exame poderán realizalo dentro dos prazos previstos.

-Os alumnos que non superen a derradeira avaliación ou ben aqueles que perdan o dereito a avaliación continua debido ao número de faltas de asistencia sen xustificar terán a opción de presentarse a un exame final en xuño que incluírá todos os contidos vistos ao longo do curso.

-Aqueles alumnos que non superasen a materia, realizarán no mes de setembro unha proba extraordinaria, na que se seguirán os criterios e cuestións plantexadas para a proba de xuño.

5.CONTIDOS MÍNIMOS

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

- B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.

- B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.
- B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
- B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características.
- B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.

Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos

- B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
- B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica.
- B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.
- B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos.

Bloque 3. Morfoloxía

- B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
- B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.
- B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.
- B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.
- B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.
- B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva.

- B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.
- B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.

Bloque 4. Sintaxe

- B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
- B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.
- B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.
- B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
- B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.
- B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.
- B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.

Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización

- B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
- B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos.
- B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos.
- B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.
- B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
- B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.

- B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios.
- B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.
- B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.
- B5.10. Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución.

Bloque 6. Textos

- B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.
- B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
- B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
- B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.

Bloque 7. Léxico

- B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.
- B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.
- B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.

- B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

Os contidos da unidade desenvólvense agrupados en torno a tres grandes eixos:

- **Lingua latina**, onde se traballa a morfoloxía e sintaxe do latín. Primeiro se traballan de forma parcial explicando cuestións morfolóxicas e sintácticas en cadanseu apartado, e incorporando actividades de dificultade progresiva. Finalmente, ofrécense actividades que aglutinan todas as anteriores e que están enfocadas á tradución e composición de textos.
- **Evolución da lingua**: por unha banda atopamos contidos que explican a evolución da lingua latina para dar lugar ás linguas romances, e, por outra, ofrécenos un estudo acerca do nacemento e evolución da lingua castelá ata a actualidade, por tratarse o libro dun texto editado en castelán.
- **Marco cultural**, no que se presentan os diversos aspectos máis salientables da cultura e civilización romanas, desde a fundación de Roma ata a caída e desintegración do imperio, analizando as súas formas e organización política e social, os seus costumes e vida cotiá, incidindo sobre todo naqueles aspectos que sobreviviron e chegaron a nós mesmos coas adaptación imprescindibles aos novos tempos.

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva:

- As cinco declinacións.
- Os adxectivos de tres, dúas e unha terminación.
- Os pronomes (persoais, posesivos, demostrativos, interrogativos, indefinidos e relativo).
- As catro conxugacións (os tempos de indicativo e subxuntivo das voces activa e pasiva).
- Os infinitivos e participios.
- O verbo SUM e os seus compostos.
- Evolución do léxico latino.
- Legado de Roma.

A Coruña 30 de setembro de 2017